

REGULAMENTO "XIII CARREIRA SOLIDARIA SAN SILVESTRE 2025"

A XIII edición da carreira solidaria San Silvestre, organizada polo Concello de Salceda de Caselas, celebrarase o venres día 26 de Decembro de 2025.

Carreira con póliza de responsabilidade civil **número 36260062**, e seguro de **accidentes deportivos para colectivos MAPFRE con número de referencia -----** para todas as persoas participantes debidamente inscritas na proba.

Regulamento xeral

1.- A saída da Carreira para tódalas categorías darase na Praza do Concello ás 21:30 horas, quedando a liña de saída e meta situada na praza do Concello.

2.- **Inscricións:** Alimentos non perecedoiros ou produtos de hixiene.

3.- O percorrido será polo casco urbán, cunha distancia de 3.000 metros.

4.- O prazo de inscrición finalizará o xoves día 25 de Decembro as 12:00h do mediodía, e as inscricións realizaranse a través da páxina web (www.deportesalceda.gal), facendo constar todos os datos requiridos no procedemento de inscrición.

5.- A recollida de dorsais será o venres día 26 de Decembro de 19:00 a 21:00 horas no hall do autidorio municipal.

6.- Premios:

Trofeos:

1º e 1ª clasificada

2º e 2ª clasificada

3º e 3ª clasificada

-Agasallo a persoa de máis idade que participe o día da proba e esté inscrita correctamente.

-Sorteo dun agasallo entre tódolos dorsáis que estén presentes na entrega de premios.

7.- Dado o carácter deportivo é popular non se admitirán reclamacións. **A organización resérvase o dereito a modificar este regulamento si as circunstancias así o aconsellan (informando oportunamente, sendo as súas decisións, inapelables.**

8.- Todos/as os/as participantes, polo feito de tomar a saída na Carreira, **aceptan o presente Regulamento**, e da dereito á organización para poder facer uso das imaxes do evento para a súa difusión e publicidade. No caso de dúbida ou de surtir algunha situación non reflectida no mesmo, estarase ao que dispoña o Comité Organizador.

9.- Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá optar aos trofeos nin obsequios.

Tampouco estará amparada polos seguros da proba. Calquera corredor/a con problemas médicos (alerxia, atencións especiais, etc.) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba.